## INFORME INDIVIDUAL DE FINAL DE ETAPA

CURSO: 20 .... – 20 ....

## DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

**APELIDOS** ........................................................ **NOME** ..........................

**ETAPA** Primaria **NIVEL** Sexto

1. **GRAO DE ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE** (marcar a opción que máis se axuste ó alumnado)
2. 

| 1.1. COMPETENCIA COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA | | | |
|---|---|---|---|
| 1<br>(INSUFICIENTE)<br>☐ | 2<br>(SUFICIENTE-BEN)<br>☐ | 3<br>(NOTABLE)<br>☐ | 4<br>(SOBRESALIENTE)<br>☐ |
| En charlas escolares, capta o sentido concreto das informacións orais e fala sobre as súas experiencias con detalle.<br>Identifica as ideas máis importantes para comprender o sentido de textos de uso habitual, redacta contos e descripcións sinxelas, e segue as indicacións de coidas os aspectos formais e ortográficos, recurrindo de maneira guiada ó diccionario para resolver dúbidas.<br>Nas situacións de intercambio de ideas da aula participa con intervencións de certa extensión expoñendo feitos, ideas e vivencias. | Segue as explicacións e instrucións orais para realizar as tarefas e describe as súas aficións e actividades realizadas.<br>Na lectura dos textos habituais da aula, interpreta informacións literais sinxelas e expresa a súa comprensión con frases breves.<br>Escribe textos sinxelos con coherencia e precisión, adecuándose ó contexto dos mesmos e facendo uso esporádico do diccionario para resolver dúbidas.<br>En situacións de interacción e diálogo na aula, responde abertamente coas súas opinións ás ideas dos demais sen saírse do tema. | Segue o desenvolvemento de explicacións de certa extensión sen perderse, integrando para a súa comprensión as informacións escoitadas e as escritas en folletos.<br>Comprende as lecturas realizadas na aula para poder sintetizar os seus aspectos máis relevantes compoñendo textos estruturados revisando a súa redacción.<br>Nos debates escolares, exprésase sen titubeos e pode reformular de diferentes maneiras as súas opinións e ideas se non son comprendidas nun primeiro momento.<br>Escribe textos con coherencia e cohesión, adecuándose ó contexto dos mesmos e facendo uso esporádico do diccionario para resolver dúbidas. | Capta o sentido de informacións implícitas en medios de comunicación orais e escritos.<br>Desfruta coa lectura e comprende o sentido e os detalles da información de folletos, programas de actividades e formularios.<br>Na redación dun texto con fin comunicativo, narra e describe os sucesos de xeito ordeado, con adecuación á intencionalidade, coidando a forma e utilizando o diccionario por iniciativa propia.<br>En coloquios e debates, comprende as ideas e valores implícitos das intervencións dos demais e expón as súas opinións cun vocabulario variado. |
| OBSERVACIÓNS | | | |
| 1.2. COMPETENCIA MATEMÁTICA E COMPETENCIAS BÁSICAS EN CIENCIA E TECNOLOXÍA | | | |
| 1<br>(INSUFICIENTE)<br>☐ | 2<br>(SUFICIENTE-BEN)<br>☐ | 3<br>(NOTABLE)<br>☐ | 4<br>(SOBRESALIENTE)<br>☐ |
| Cuantifica, anticipa posibles solucións e despois resolve problemas cotiás referidos a cantidades, gráficas sinxelas e medicións indicando correctamente a unidade.<br>Manexa os algoritmos das operacións básicas.<br>Calcula mentalmente resultados exactos de | Cuantifica, anticipa solucións e resolve de xeito ordeado problemas con magnitudes habituais expresadas con precisión, táboas, gŕaficas e xeometría.<br>Investiga estratexias e solucións con axuda da calculadora, no seu caso, en problemas numéricos.<br>Manexa fraccións como | Cuantifica, mide, representa e resolve con orde matemática problemas con números, magnitudes, incluidas as angulares sinxelas, gráficas e xeometría.<br>Investiga con lóxica matemática usando a calculadora, no seu caso, en cálculos complexos.<br>Domina equivalencias | Usa de xeito adecuado os números naturais, fraccións, decimais, porcentaxes e números negativos habituais en situacións extraídas de contextos da súa vida diaria.<br>Domina os cálculos mentais en cantidades asequibles mentalmente.<br>Resolve problemas numéricos ata 1.000.000 mediante unha destreza correcta, comprobando a |

| | | | |
|---|---|---|---|
| sumas, restas, multiplicacións e divisións ata 1000. Para números maiores manexa polo menos dús maneiras disintas de calcular as operacións con axuda de lapis e papel.<br>Ubica eficazmente obxectos e elementos gráficos en láminas e murais identificando as súas propiedades xeométricas. Ubícase adecuadamente en xogos, bailes, en todos os espazos do centro ou nun plano sinxelo.<br>Establece suposicións respecto a sucesos naturais e artificiais.<br>Constrúe algún obxecto a partir de instruccións sinxelas.<br>Localiza en mapas os puntos cardinais e utilízaos de xeito autónomo para situarse no espazo e resolver un problema simple.<br>Practica e comprende o sentido de condutas positivas para unha vida saudable, coidado do medio ambiente e facendo bo uso dos materiais e instalacións do contorno educativo, recoñecendo comportamentos de mal uso da auga e a electricidade. | un medio, un cuarto ou tres cuartos e as súas expresións decimais e porcentaxes equivalentes.<br>Calcula mentalmente resultados estimados ata 10000.<br>Por escrito, manexa varias maneiras distintas para cada operación e escolle a máis eficaz en cada caso.<br>Elabora táboas e representacións espaciais moi sinxelas.<br>Usa de maneira conveniente o espazo, o tempo e a velocidade en xogos, deportes e creacións artísticas.<br>Establece suposicións osbre sucesos naturais e experimentos e elabora un informe sinxelo con apreciacións sobre o proceso seguido.<br>Constrúe obxectos con diversos materiais e pezas, describindo os pasos seguidos para a súa montaxe.<br>Interpreta planos e mapas sinxelos para localizar lugares e ubicarse nos contextos guiándose cos puntos cardinais.<br>Recoñece os comportamentos responsables para o uso dos recursos naturais, especialmente a auga e a enerxía, e relaciona o uso de obxectos eléctricos cotiás co gasto de enerxía producida. | numéricas, de medida, propiedades e operacións no sistema decimal.<br>Realiza cálculos estimados ou exactos asequibles mentalmente ata 100000 e, por escrito, a través de diversos algoritmos de cada operación e escolle a estratexia máis eficaz de entre as que domina para cada operación.<br>Elabora táboas, representacións simbólicas e espaciais.<br>Controla espazo, tempo e velocidade en xogos, deportes e creacións artísticas.<br>Elabora un informe sinxelo dunha investigación onde recolle o seu desenvolvemento e extrae conclusións.<br>Planifica e realiza proxectos de construción de aparatos sinxelos.<br>Confecciona, interpreta e usa planos e mapas para localizar e orientarse nas situacións problema que o requiran.<br>Relaciona saúde e hábitos de alimentación e hixiene, responsabilizándose do seu corpo.<br>Recoñece comportamentos positivos cara o coidado do medio ambiente e o uso responsable dos recursos naturais do seu contorno e establece un plan de actividades que favorezan a súa saúde para integralo nas súas prácticas habituais. | solución obtida con exemplos análogos.<br>Aplica ferramentas básicas de cálculo en fórmulas sinxelas, cambio de unidades e proporcionalidade.<br>Describe figuras xeométricas e as clasifica.<br>Usa táboas e gráficas sinxelas para obter información.<br>Controla con seguridade o espazo, o tempo e a velocidade en xogos, deportes, bailes e creacións artísticas.<br>Recoñece as características do traballo científico e realiza indagacións guiadas interpretando e extraendo conclusións cualitativas de algúns fenómenos.<br>Planifica con instrucións e monta obxectos formdos por elementos simples.<br>Localiza lugares, con axuda, nun mapa con coordenadas xeográficas lenda e simboloxía, para resolver tarefas sinxelas.<br>Valora algunha iniciativa social de protección e respecto cara os seres vivos.<br>Recoñece hábitos hixiénicos, alimentarios, de exercizo físico e posturais, e os efectos nocivos de non practicalos.<br>Recoñece os efectos da actividades humana no medio ambiente e propón accións cotiás para a súa conservación, especialmente no contorno cercano. |
| OBSERVACIÓNS | | | |
| 1.3. COMPETENCIA DIXITAL | | | |
| 1<br>(INSUFICIENTE)<br>☐ | 2<br>(SUFICIENTE-BEN)<br>☐ | 3<br>(NOTABLE)<br>☐ | 4<br>(SOBRESALIENTE)<br>☐ |
| Busca e selecciona información de xeito guiado utilizando distintas fontes e soportes.<br>Iníciase, de xeito guiado, no uso de navegadores e buscadores de Internet para obter información concreta na rede.<br>Coñece e aplica a terminoloxía básica de editores de textos e usa hardware, periféricos, programas educativos ou lúdicos, para realizar tarefas escolares, producións artísticas, relatos, murais colectivos, paneis informativos, etc.<br>Iníciase no uso de ferramentas de | Busca, selecciona e recolle información en distintas fontes e soportes, seguindo pautas para realizar traballos guiados.<br>Usa editores de texto e iníciase no uso de programas para crear presentacións sinxelas para exposicións en clase.<br>Utiliza hardware básico e periféricos e outras tecnoloxías de forma autónoma e usa ferramentas de comunicación no contexto educativo e persoal, que lle serva para intercambio de información, traballo cooperativos, envío de | Busca de forma autónoma información en distintas fontes e soportes, redacta os traballos en procesadores de texto, con imaxes e táboas, e manexa programas de presentacións, insertando elementos e hipervínculos para exposicións na aula.<br>Utiliza hardware básico e periféricos dominando a linguaxe icónica específica para acceder ó seu uso.<br>Coñece e utiliza ferramentas de comunicación: achega arquivos nas súas mensaxes que lle servan para intercambio de información, traballos cooperativos, envío de actividades ou tarefas. | Busca e selecciona información en distintas fontes e soportes, organízaa e contrasta de xeito guiado para realizar sinxelas investigacións e redacta as conclusións aplicando modelos sinxelos para elaborar informes e traballos de síntese no ámbito escolar.<br>Recoñece as funcións dos compoñentes físicos do software que usa.<br>Coñece os conceptos básicos da terminoloxía de Internet e redes interactivas, utilizando distintas ferramentas de comunicación para intercambiar información, facer traballos cooperativos, usar foros ou enviar actividades e tarefas. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| comunicación e colaboración que lle serva para intercambio de información, traballos cooperativos, envío de actividades ou tarefas no contexto escolar. | actividades ou tarefas. | | |
| OBSERVACIÓNS | | | |
| 1.4. COMPETENCIA APRENDER A APRENDER | | | |
| 1<br>(INSUFICIENTE)<br>☐ | 2<br>(SUFICIENTE-BEN)<br>☐ | 3<br>(NOTABLE)<br>☐ | 4<br>(SOBRESALIENTE)<br>☐ |
| É consciente da importancia dunha boa actitude ante a aprendizaxe e fai preguntas para resolver aspectos que non coñece manifestando seguridade en aprendizaxes que domina.<br>Concéntrase para cumplir instrucións orais e escritas solicitando información complementaria.<br>Memoriza e asimila contidos de aprendizaxe progresivamente máis complexos. Integra a información dada nos subapartados preestablecidos dun esquema xerarquizado de modo correcto e resumindo as ideas principais brevemente.<br>Coñece o uso da axenda e a utiliza se llo recordan, necesitando indicacións para non desviarse dos sus obxectivos na planfiicación e realización de tarefas e actividades, autocorrixindo actividades sinxelas según pautas. | Empeza a atribuir éxitos ou fracasos da súa aprendizaxe a razóns externas, buscando información para resolver dúbidas e contrastándoa coa opinión do profesorado.<br>Concéntrase seguindo indicacións para non desviarse dos seus obxectivos na realización de tarefas e actividades aplicando estratexias de memorización na asimilación de contidos de aprendizaxe.<br>Fai pequenos resumes, esquemas ou mapas conceptuais para lembrar a información seguindo instrucións e fai uso da súa axenda para anotar actividades seguindo pautas de revisión de traballos e tarefas. | Atribúe con frecuencias os seus éxitos ou fracasos a circunstancias externas, pero cando se lle indica recoñece a influencia das súas estratexias nelo.<br>Faise preguntas sobre os pasos e procedementos a seguir para realizar as diferentes taresfas utilizando procesos de memorización e razoamento marcados polo profesorado.<br>Emprega resumes, esquemas e mapas conceptuais para organizar e integrar a información e fai uso da súa axenda para anotar tempos e actividades iniciando a planificación semanal seguindo instrucións.<br>Mostra disposición a planificar metas a curto prazo e comeza a aplicar pautas dadas de revisión e corrección de traballos e tarefas. | Comeza a diferenciar a relación das circunstancias externas ou internas cos seus éxitos ou fracasos e faise preguntas sobre os obxectivos, pasos e procedementos a seguir para realizar as diferentes tarefas, utilizando procesos de razoamento e memorización, e aplica algunhas aprendizaxes en diferentes situacións.<br>Emprega resumes, esquemas e mapas conceptuais para organizar e integrar a información a partir de modelos e anota tarefas e actividades na axenda aínda que necesita guía para a planificación semanal.<br>Autocorríxese seguindo pautas dadas valorando a súa necesidade na revisión de traballos e tarefas. |
| OBSERVACIÓNS | | | |
| 1.5. COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS | | | |
| 1<br>(INSUFICIENTE)<br>☐ | 2<br>(SUFICIENTE-BEN)<br>☐ | 3<br>(NOTABLE)<br>☐ | 4<br>(SOBRESALIENTE)<br>☐ |
| Mostra interese por participar expresando as súas ideas e escoita as ideas das outras persoas aportando os seus puntos de vista para chegara acordos e se preocupa polas necesidades das súas amizades e familiares desenvolvento comportamentos solidarios.<br>Recoñece a necesidade | Recoñece e acepta as capacidades e sentimentos propios e alleos, e coñece estratexias para frontar ou evitar conflitos previsibles como pedir axuda ou dialogar.<br>Mostra interese polo traballo cooperativo e síntese motivado por mellorar as súas intervencións e aportacións ó grupo. | Participa e realiza aportacións en asembleas e comités aceptando a diferenza e respectando a diversidade de opinións ó posuir as habilidades sociais necesarias para regular as súas emocións e non ofender ou incomodar ás demais persoas.<br>Presta axuda desinteresada e desenvolve comportamentos solidarios en situacións de | Acepta e valora as posibilidades de enriquecemento das relacións plurais en diferentes contextos (recreos, excursións, visitas guiadas...) entre os seus iguais e coa persoa adulta.<br>Intervén nos debates con respecto aceptando diferentes putnos de vista e fai aportacións para chegar a acordos.<br>Realiza críticas construtivas na súa realidade inmediata suxerindo solucións alternativas.<br>Valora e acepta a crítica como |

| | | | |
|---|---|---|---|
| de ser correspondable no traballo en parellas ou pequeno grupo asumindo os seus dereitos e deberes ó ser consciente da igualdade na aplicación das normas. | Adoita cumplir normas e deberes na familia e no centro, recoñecendo e valorando comportamentos socialmente responsables como anon discriminación por grupo étnico, creencias ou sexo. | desigualdade social e preocúpase polo benestar da comunidade. Asume responsabilidades comunitarias e comeza a manifestar actitudes críticas ante o incumplimento das normas. | oportunidade de cambio e mellora. Coñece e aplica a dinámica do traballo cooperativo. |
| OBSERVACIÓNS | | | |

1.6. COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR

| 1<br>(INSUFICIENTE)<br>☐ | 2<br>(SUFICIENTE-BEN)<br>☐ | 3<br>(NOTABLE)<br>☐ | 4<br>(SOBRESALIENTE)<br>☐ |
|---|---|---|---|
| Participa en xogos de grupo disminíndo as súas actitudes competitivas ou de rivalidade e realiza comentarios confiados sobre si mesmo.<br>Cumple as normas e obrigas establecidas aprendendo dos erros.<br>Comprométese na realización de algunha responsabilidade na aula e desenvolve hábitos de traballo rutinarios.<br>Comeza a tomar decisións adaptando o seu comportamento a momentos de ocio e traballo e soluciona os confitos escolares evitando calquera tipo de violencia coa mediación das persoas adultas. | Comeza a coñecer e aceptar as súas cualidades e limitacións.<br>Desenvolve o control das súas emocións perseverando na realizacións de actividades a pesar de pequenas dificultades e mostrando hábitos de traballo.<br>Participa no grupo dialogando e respectando as opinións dos seus compañeiros implicándose ocasionalmente nas funcións asignadas.<br>Reflexiona sobre a necesidade das normas e interioriza un modo correcto de comportamento coa intervención do profesorado e actúa de modo responsable no contexto da aula.<br>Reflexiona sobre aspectos positivos e negativos ó elixir entre opcións suxeridas solucionando conflitos escolares. | Expresa as súas emocións, adopta actitudes dialogantes e afectivas cos seus iguais enfrentándose á mellora das súas limitacións con axuda de persoas adultas.<br>Mostra vontade na realización de actividades desenvolvendo hábitos de traballo e identifica as melloras para lograr unha conduta responsable en contextos escolares.<br>Interioriza a necesidade de normas en contextos habituais e toma consecuentemente decisións sobre aspectos escolares e conflitos cotiás con intervención do profesorado. | Identifica e expresa as súas emocións evitando deixarse levar pola opinión dos demais e expresa as súas ideas con cautela, aceptando as contribucións das outras persoas en traballos cooperativos.<br>Xeneraliza hábitos de traballo e esfórzase en aceptar a demora de incentivos e recompensas.<br>Colabora no establecemento das normas e reflexiona antes de actuar anticipando algunha consecuencia da súa conduta errónea e aumentando a responsabilidade e conciencia dos seus actos no contextos escolar.<br>Toma decisións relacionadas con sinxelas metas a curto prazo e intenta resolver problemas cotiás, considerando a opinións das persoas adultas. |
| OBSERVACIÓNS | | | |

1.7. COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAIS

| 1<br>(INSUFICIENTE)<br>☐ | 2<br>(SUFICIENTE-BEN)<br>☐ | 3<br>(NOTABLE)<br>☐ | 4<br>(SOBRESALIENTE)<br>☐ |
|---|---|---|---|
| Identifica e recrea, de xeito guiado, algunhas manifestacións artísticas como cadros, esculturas, cancións, bailes, poemas e contos; e tradicionais de Galicia.<br>Crea, de xeito individual e grupal, producións artísticas que planifica a partir das súas propias vivencias e experiencias.<br>Mostra interese e respecto polas | Aprecia e describe a cultura do seu contorno, usando linguaxes artísticas como apintura, a escultura, a música, a literatura ou a danza.<br>Combina as artes, de xeito guiado, para comunicar ideas como pintar a música ou escenificar un conto, un poema ou un debuxo, utilizando ocasionalmente as tecnoloxías da | Describe e analiza a arte do seu contorno, utilizando as linguaxes artísticas.<br>Planifica e crea, de xeito autónomo, o seu traballo, empregando materiais e recursos de uso escolar e técnicas básicas de composición e representación, e avanzando no uso das tecnoloxías da información e comunicación.<br>Combina as artes para expresar unha idea creativa | Recoñece e describe as manifestacións culturais e obras artísticas estudadas.<br>Experimenta e crea con técnicas e instrumentos de uso escolar, entre eles os audiovisuais e informáticos, realizando, de xeito guiado, debuxos, portadas, carteis, collages, mapas, grafittis, e composicións rítmicas, musicais e literarias; e aplicando creatividade e imaxinación.<br>Asiste como público ás actividades culturais que se lle |

| | | | |
|---|---|---|---|
| actividades culturais de ámbito escolar, e participa nelas. | información e comunicación.<br>Mostra interese e respecto nas actividades culturais de ámbito escolar e local, participando nelas e dando a súa opinión. | como convertir unha música nun conto, unha poesía nunha coreografía ou un debuxo nunha dramatización.<br>Mostra interese e respecto por participar nas actividades multiculturais de ámbito escolar ou do contexto próximo. | propoñen e expresa a sensación que lle producen.<br>Mostra respecto e coidado cara o patrimonio artístico co que interactúa. |
| OBSERVACIÓNS | | | |

3. **VALORACIÓN GLOBAL**

☐ Acadou o grao esperado de adquisición das competencias
☐ O grao de adquisición das competencias non impide que sega con aproveitamento o novo ciclo
☐ Debe recibir reforzo educativo para acadar o grao esperado de adquisición das competencias

4. **DATOS DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE RECIBIDAS ATA O MOMENTO:**

☐ NON RECIBIU MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

☐ RECIBIU MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

DESCRICIÓN DAS MEDIDAS DESENVOLVIDAS:

a) Cal foi o motivo? (dificultades observadas)

.......................................................................................................

.......................................................................................................

b) En que consistían (indicar as medidas ordinarias e extraordinarias)

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.......................................................................................................

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS:

☐ Acadáronse os obxectivos previstos
☐ Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario)

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE (indíquese se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, pode verse beneficiada/o ou non polas medidas de atención á diversidade).

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.......................................................................................................

.........................., ...... de .................. de 202...

| A persoa titora | Visto e prace de dirección |
|---|---|
| Asdo: ..................................................... | Asdo: ........................................ |